



Compartindo

FOLLA INTERPARROQUIAL 1-FEBREIRO 2016. UNIDADE DE ACCIÓN PASTORAL LOUSADA-SAMOS

Ola amigos:

Xa hai moito tempo que non publicamos esta sinxela folla interparroquial. Pouco a pouco por diversos motivos fómola deixando. Neste ano queremos retomala de novo xa que estamos convencidos de que a comunicación sempre é importante, axuda a coñecernos máis e, neste caso, a coñecer mellor a realidade eclesial e pastoral destas parroquias.

O noso desexo é compartir desde a humildade e con sinxeleza a reflexión sobre algúns aspectos da nosa vida de fe, e tamén dar a coñecer as actividades que en cada momento imos organizando.

O pasado día 11 de abril de 2015 o papa Francisco convocaba o Ano xubilar da misericordia. Este “**Xubileo extraordinario da Misericordia**” inaugurabase o día 13 de decembro coa apertura da Porta Santa en todas as catedrais do mundo. O Papa dinos: *hai momentos nos que dun modo moito máis intenso estamos chamados a ter a mirada fixa na misericordia para poder ser tamén nós mesmos signo eficaz do obrar de Deus, noso Pai.* Francisco quiere poñer baixo o signo da misericordia a acción pastoral de toda a Igrexa. Expresa este desexo profundo con estas palabras: *¡Como desexo que os anos vindeiros estean impregnados de misericordia para poder ir ao encontro de cada persoa levando a bondade e a tenrura de Deus! A todos, crentes e lonxanos, poida chegar o bálsamo da misericordia como signo do reino de Deus que xa está presente no medio de nós.*

O lema deste ano xubilar é: *Misericordiosos coma o voso Pai.* Na misericordia temos a proba de cómo Deus nos ama. El dásenos gratuitamente, sen pedir nada a cambio. Cada cristián está chamado a ser misioneiro da misericordia, a visitar ao irmán en calquera necesidade material ou espiritual e a ser testemuña de que a *misericordia de Deus chega aos seus fillos de xeración en xeración.*

A coresma, tempo de misericordia

A coresma que comezamos o mércores de cinza é un tempo propicio para descubrir, acoller e celebrar a misericordia de Deus. Se somos capaces de vivir esta experiencia, entón tamén seremos capaces de vivir con misericordia. Non se trata de algo abstracto ou intimista, que soamente se poida vivir no noso interior sen ningunha repercusión cara fora. Máis ben ao contrario, tratase de revitalizar a nosa vida cristiá á luz do rostro misericordioso de Deus. Trátase de descubrir a bondade e a tenrura dun Deus que non permanece indiferente ante o sufrimento, as inxustizas e o pecado senón que reacciona con compaixón e con entrañas de misericordia.

A verdadeira fe manifestase en xestos concretos e cotiáns destinados a axudar aos nosos irmáns nas súas necesidades corporais e espirituais. Por iso o Papa invítanos a reflexionar sobre as obras de misericordia corporais e espirituais. E segue a decirnos que será un modo para despertar a nosa conciencia, moitas veces aletargada, ante o drama da pobreza, e para entrar aínda máis no corazón do Evanxeo, donde os pobres son os privilexiados da misericordia

Obras de misericordia corporais

- * Dar de comer ó famento.
- * Dar de beber ó sedento.
- * Vestir ó espido.
- * Acoller ó forasteiro
- * Asistir ós enfermos.
- * Visitar ós presos.
- * Enterrar ós mortos

Obras de misericordia espirituais

- * Dar consello a quen o precisa.
- * Ensinar a quen non sabe.
- * Correxir ó que se equivoca.
- * Consolar ó triste.
- * Perdoar a quen ofende.
- * Soportar con paciencia a quen nos moleste.
- * Rezar a Deus polos vivos e os defuntos

Pedímoslle á Virxe María, a quen tantas xeracións rezaron a Salve, que volva os seus ollos misericordiosos cara nós, para que, como ela, saibamos gardar sempre memoria viva da Misericordia do seu Fillo.

Programación

Convivencia cos rapaces de poscomunión

Será en Lousada o día 13 de febreiro de 4 a 5,30. Como son tan poucos os que fixeron a primeira comunión nos últimos anos, por iso organizamos unha convivencia con todos os que queiran. A finalidade é compartir e celebrar a fe con eles nun clima de amizade e alegría.

Reunión de confirmandos

Para tódolos mozos e mozas de 15 ou máis anos teremos unha reunión en Lousada o día 21 de febreiro ás 4,30 da tarde. Trátase de saber cantos son os interesados en prepararse para ser confirmados; así mesmo procuraremos poñernos de acordo sobre o día das reunións.

Encontros de convivencia cos maiores

Na situación de dispersión e de soidade na que vivimos, necesitamos espazos comunitarios nos que poder vivir a experiencia do encontro e da amizade. Isto é o que pretendemos cando organizamos os encontros de convivencia cos maiores, tanto en Lóuzara como en Lousada. Xuntámonos para compartir o que somos e o que temos. Para pasalo ben convivindo nun ambiente familiar. Nestes encontros poden participar tódalas persoas que o desexen. Para unha mellor organización pídese que os que participen chamen antes por teléfono. Estes días están sinalados no calendario. Anímate e participa.

Excursión a Vigo

Como clausura dos encontros de convivencia cos maiores teremos unha excursión a Vigo. Será o día 28 de maio.

Vacacións – convivencia cos maiores

Serán do **15 ó 22 de abril**. O destino será **Cáceres** donde visitaremos: O Valle del Jerte, Mérida, Trujillo e o Mosteiro de Guadalupe; e **Cádiz** donde visitaremos, El Puerto de Santa María e Jerez de la Frontera. Estas vacacións son para os maiores, pero tamén poden participar outras persoas adultas que o desexen. Os que se animen a participar **deberán inscribirse antes do día 1 de marzo**.

O Sacramento da Unción de Enfermos

Dado que estamos no Ano Xubilar da Misericordia, por iso temos programado celebrar comunitariamente este sacramento en san Xoán, en Castroncán e San Mamede. Será no tempo de pascua. Está pensado para que participen os que o desexen de tódalas parroquias. Celebrar o encontro con Deus desde a enfermidade e a fragilidade humana, sempre é un estímulo para a vida e fonte de esperanza.

Camiño de Santiago

Faremos c camiño de Santiago desde Ribadeo a Santiago. Será do 4 ó 9 de xullo. Esta organizado para maiores de 18 anos.

Campamento de rapaces

Temos programado o campamento para rapaces do 11 ó 16 de xullo. Levarase a cabo sempre que se xunte un grupo considerable de participantes.

XXVI festa de convivencia cos nosos maiores

Será o día 21 de agosto no Castro de Lourido